



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
REL:MU2000/15

ACTA DA SESIÓN PLENARIA ORDINARIA DO QUINCE DE DECEMBRO DE DOUS MIL VINTE E CINCO

O 15 de decembro de 2025, ás 19:30 h, reuniuse na sala de sesións o Pleno do Concello en sesión ordinaria para os efectos de tratar os asuntos da Orde do día da convocatoria.

ASISTENTES:

Presidente
José Manuel Mato Martínez

Concelleiras/os

Partido Popular (PP)
Constantino Fernández Vila
María Josefa Álvarez Bugallo

PSdeG-PSOE
Xosé Lois García Carballido
Consuelo Martínez Lema
José Manuel Nuñel Costa

Partido Galego (PG)
Juan Ramón Vidal Torrado

Agrupación de electores Adiante por Ponteceso (AxP)
Roberto Alexandre Andrade de Santiago

APIN-ESCO
José Manuel Pose Verdes

AUSENTES:

Partido Popular (PP)
José Luis Pena Romay

PSdeG-PSOE
Noelia María Varela Suárez

Partido Galego (PG)
Raquel Fondo Pérez

Bloque Nacionalista Galego (BNG)
Fátima Ángeles Rodríguez González

Secretario en acumulación: Francisco Javier Novoa Juiz
Interventora en acumulación: María Emilia García Maneiro



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
REL:MU2000/15

O presidente escusa a ausencia de José Luis Pena Romay, Raquel Fondo Pérez, Noelia María Varela Suárez e Fátima Ángeles Rodríguez González por razóns particulares.

O presidente abre a sesión despois de comprobar que o quórum é conforme co artigo 90,1 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro.

1 Parte resolutiva

1.1 Aprobación da acta da sesión do 8 de outubro de 2025

O presidente pregunta se algunha/algún membro do Pleno que está presente quere formular algunha observación, de conformidade co artigo 91,1 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

Non hai observacións

As/os membros do Pleno que están presentes aproban a acta do 8 de outubro de 2025 por unanimidade.

1.2 Expediente 2025/A006/0000021. Aprobación do ditame de aprobación de encomenda de xestión á Deputación Provincial da Coruña, da selección de persoal funcionario interino para postos de arquitecto municipal e do convenio de adhesión a esta actuación

O secretario en acumulación dá conta do ditame a favor da Comisión informativa de asuntos preparatorios para o pleno do 10 de decembro de 2025.

“PROPOSTA DE ALCALDÍA

Asunto: Aprobación de encomenda de xestión á Deputación Provincial da Coruña, da selección de persoal funcionario interino para postos de arquitecto municipal e do convenio de adhesión a esta actuación. Expediente: 2025/A006/0000021

Visto o acordo adoptado polo Pleno da Deputación da Coruña o 3 de outubro de 2025 sobre aprobación dun convenio interadministrativo de cooperación tipo entre a Deputación da Coruña e os concellos de menos de 20.000 habitantes co obxecto de habilitar a posibilidade de encomendar a xestión material da selección do seu persoal funcionario interino para postos de arquitectos/as e arquitectos/as técnicos/as interinos/as á Deputación.

Visto o informe xurídico emitido pola Secretaría na data do 14-11-2025, o cal é do seguinte teor literal:

“INFORME XURÍDICO:

EXPTE: 2025/A006/0000021.

ASUNTO: Convenio de Colaboración Interadministrativo entre a Deputación da Coruña e concello



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
REL:MU2000/15

que se adhieran co obxecto de encomendar a xestión material da selección do persoal funcionario interino para postos de arquitecto ou arquitecto técnico á esa deputación.

Vista a providencia de Alcaldía de data 13 de novembro de 2025 no que se solicita informe en relación co asunto referenciado, e conforme ó disposto no artigo 54 do TRRL, 173 do ROF, art. 50.2.a) da LRXSP e artigo 3.3.b) do Real Decreto 128/2018 de 16 de marzo veño a informar preceptivamente o seguinte:

Lexislación aplicable:

- Lei 7/85 de 2 de abril - LBRL-.
- Lei 5/97 de 22 de xullo- LALGA-.
- Constitución Española - CE-.
- Leyi 39/2015 de 1 de outubro - LPACAP-.
- Lei 40/2015 de 1 de outubro - LRXSP-.
- Real Decreto Legislativo 781/86 de 18 de abril- TRRL-.

Consideracións Xurídicas:

PRIMEIRA.- Atopámonos ante un documento arquetípico de colaboración interadministrativa, colaboración recollida de xeito recorrente ó longo da normativa tanto de réxime xurídico a nivel local como estatal que é eixe fundamental das relacións entre as administracións públicas.

Así, ditas relacións e os principios que deben rexer as mesmas recóllese con carácter xenérico no Título III da LRXSP e máis concretamente para o ámbito local, nos artigos 10 e 55 e ss. da LBRL así como os artigos 61 e ss. do TRRL e de xeito expreso mediante a figura do Convenio como figura de terminación convencional dun expediente administrativo, artigo 86 da LPACAP, nos artigos 111 do TRRL, 143 e 144 da LRXSP e artigo 57.1.2. da LBRL que establece que *1.La cooperación económica, técnica y administrativa entre la Administración local y las Administraciones del Estado y de las Comunidades Autónomas, tanto en servicios locales como en asuntos de interés común, se desarrollará con carácter voluntario, bajo las formas y en los términos previstos en las leyes, pudiendo tener lugar, en todo caso, mediante los consorcios o los convenios administrativos que suscriban.*

De cada acordo de cooperación formalizado por alguna de estas Administraciones se dará comunicación a aquelas outras que, resultando interesadas, no hayan intervenido en el mismo, a los efectos de mantener una recíproca y constante información.

2.La suscripción de convenios y constitución de consorcios deberá mejorar la eficiencia de la gestión pública, eliminar duplicidades administrativas y cumplir con la legislación de estabilidad presupuestaria y sostenibilidad financiera.

Neste caso, concretamente as Deputacións teñen fins propios, garantir os principios de solidariedade e equilibrio intermunicipales, así como garantir a prestación íntegra e adecuada na totalidade do territorio provincial dos servizos de competencia municipal ex. Art. 31.1.da LBRL.

Estes fines, concretanse en competencias citadas 36.1 desta norma, co obxectivo de asistir tecnicamente ós municipios de menor capacidade económica e de xestión.

En materia de selección de persoal, a Disposición Adicional 1ª da Lei 20/2021 de 28 de decembro sinala que *los municipios, excepto los de gran población previstos en el Título X de la Ley 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de las Bases del Régimen Local, podrán encomendar la gestión material de la selección de su personal funcionario de carrera o laboral fijo a las diputaciones provinciales, cabildos, consejos insulares, entes supramunicipales u órganos equivalentes en las comunidades*



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
REL:MU2000/15

autónomas uniprovinciales.

Los municipios podrán, también, encomendar en los mismos términos la selección del personal funcionario interino y personal laboral temporal.

SEGUNDA.- DA ENCOMENDA DE XESTIÓN:

En base ó anterior, plantéxase a adhesión a un convenio con este obxeto, que deberá transcribirse ó contido do presente expediente e que da circular trasladada, colíxese que estaríamos ante unha encomenda de xestión de funcións e competencias propias municipais en materia de selección de persoal, art. 91.2 da LBRL e 128 do TRRL, competencia de alcaldía á vista do artigo 21.1.g) da LBRL.

Ó expoñerse coma unha encomenda de xestión, debemos acudir á súa regulación básica prevista no artigo 11 da LRXSP, na que se estipula a forma convenial cando se realice entre diferentes administracións públicas como é o caso, debendo publicarse no BOP da Coruña con carácter declarativo, e non ter por obxeto algún da LCSP.

Segundo o seu primeiro epígrafe, *la realización de actividades de carácter material o técnico de la competencia de los órganos administrativos o de las Entidades de Derecho Público podrá ser encomendada a otros órganos o Entidades de Derecho Público de la misma o de distinta Administración, siempre que entre sus competencias estén esas actividades, por razones de eficacia o cuando no se posean los medios técnicos idóneos para su desempeño.*

Las encomiendas de gestión no podrán tener por objeto prestaciones propias de los contratos regulados en la legislación de contratos del sector público. En tal caso, su naturaleza y régimen jurídico se ajustará a lo previsto en ésta.

TERCEIRA.- O procedemento e contido dos convenios interadministrativos ven disposto no Capítulo VI do Título Preliminar da LRXSP, que no seu artigo 49 fixa o contido que será o seguinte:

a) *Sujetos que suscriben el convenio y la capacidad jurídica con que actúa cada una de las partes.*

b) *La competencia en la que se fundamenta la actuación de la Administración Pública, de los organismos públicos y las entidades de derecho público vinculados o dependientes de ella o de las Universidades públicas.*

c) *Objeto del convenio y actuaciones a realizar por cada sujeto para su cumplimiento, indicando, en su caso, la titularidad de los resultados obtenidos.*

d) *Obligaciones y compromisos económicos asumidos por cada una de las partes, si los hubiera, indicando su distribución temporal por anualidades y su imputación concreta al presupuesto correspondiente de acuerdo con lo previsto en la legislación presupuestaria.*

e) *Consecuencias aplicables en caso de incumplimiento de las obligaciones y compromisos asumidos por cada una de las partes y, en su caso, los criterios para determinar la posible indemnización por el incumplimiento.*

f) *Mecanismos de seguimiento, vigilancia y control de la ejecución del convenio y de los compromisos adquiridos por los firmantes. Este mecanismo resolverá los problemas de interpretación y cumplimiento que puedan plantearse respecto de los convenios.*

g) *El régimen de modificación del convenio. A falta de regulación expresa la modificación del contenido del convenio requerirá acuerdo unánime de los firmantes.*

h) *Plazo de vigencia del convenio teniendo en cuenta las siguientes reglas:*

1.º *Los convenios deberán tener una duración determinada, que no podrá ser superior a cuatro años, salvo que normativamente se prevea un plazo superior.*

2.º *En cualquier momento antes de la finalización del plazo previsto en el apartado anterior, los firmantes del convenio podrán acordar unánimemente su prórroga por un periodo de hasta cuatro*



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
REL:MU2000/15

años adicionais o su extinción.

En canto os trámites preceptivos para o seu perfeccionamento e suscripción, será necesaria a Memoria Xustificativa que neste caso pódese assimilar á exposición de motivos do convenio así como o informe xurídico emitido por esta Secretaría.

Neste caso, o informe xurídico non sería preceptivo por ser un convenio interadministrativo, xa que o art. 50.2.a) exime este carácter, cando o convenio sexa un modelo normalizado e xa fora informado polos servizos xurídicos do órgano proponente.

Máis, o carácter preceptivo deriva do órgano competente para a aprobación da adhesión e o quorum para dita aprobación, que sería o Pleno coa **maioría absoluta do número legal de membros da corporación**, ó ser o obxecto a transferencia de actividades propias, conforme ó artigo 47.1.h) da LBRL, no seo das funcións de asesoramento legal preceptivo previstas no artigo 92.bis.1.a) da LBRL e 3.3.c) do RD 128/2018 de 16 de marzo.

CUARTA.- ÓRGANO COMPETENTE E QUORUM.

O órgano competente para aprobar a adhesión ó convenio sería o Pleno da corporación, á vista do artigo 47.2.h) da LBRL, por maioría absoluta do número legal de membros, 7.

Se ben, hai correntes doctrinais que entenden que o órgano competente sería o determinado desde un punto de vista material, é dicir, o que fora competente segundo o obxecto do convenio, mais, sendo próximo o Pleno ordinario, decantámonos pola corrente formal ligada ó principio de colaboración e publicidade dos acordos interadministrativos afíns.

PUBLICICIDADE: Unha vez firmado polas partes e os Secretarios das corporacións nas súas función de fedatarios públicos reservada, deberá publicarse unha reseña do convenio relativa ó obxecto, financiamento no seu caso e partes firmantes no Portal de Transparencia municipal, en cumprimento do disposto no artigo 8.1.b) da Lei 19/2013 de 9 de decembro.

Amáis, deberá publicarse no BOP da Coruña a efectos declarativos unha vez suscrito e formalizado o presente convenio, conforme establece o artigo 11.3.b) da LRXSP.

Conclusión:

Infórmase favorablemente o expediente de aprobación da adhesión ó convenio de referencia, se así o estima o Pleno da corporación, unha vez ditaminado este asunto e a súa proposta.

PROPOSTA DE ACORDO:

PRIMEIRO. - Aprobar a encomenda de xestión á Deputación Provincial da Coruña, da selección de persoal funcionario interino para posto de arquitecto municipal, nos termos dispostos no convenio de formalización interadministrativo.

SEGUNDO.- Firmar o convenio de adhesión a esta actuación, polo representante legal do municipio, o Alcalde da corporación.

TERCEIRO.- Dar traslado deste acordo á Deputación Provincial da Coruña para os efectos oportunos.

CUARTO.- Publicar o convenio no Portal de Transparencia nos termos dispostos no artigo 8.1.b) da Lei 19/2013 de 9 de decembro"

Considerando a eficiencia da proposta realizada no seo das atribucións en materia de asistencia



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

previstas legalmente a favor dos municipios, **PROPÓÑOLLE** ao Pleno, previo ditame da Comisión Informativa de Asuntos Preparatorios para o Pleno, a adopción do seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO. - Aprobar a encomenda de xestión á Deputación Provincial da Coruña, da selección de persoal funcionario interino para postos de arquitecto municipal, nos termos dispostos no convenio de formalización interadministrativo.

SEGUNDO.- Firmar o convenio de adhesión a esta actuación, polo representante legal do municipio, o Alcalde da corporación.

TERCEIRO.- Dar traslado deste acordo á Deputación Provincial da Coruña, para os efectos oportunos.

CUARTO.- Publicar o convenio no Portal de Transparencia nos termos dispostos no artigo 8.1.b) da Lei 19/2013 de 9 de decembro.“

O presidente abre o debate.

As intervencións desta sesión están incorporadas á acta multimedia que consta no expediente electrónico con número 2025/G010/000009 e identificado pola pegada dixital:
ba66ed60bbdda6ca0710f11a4e4598b08ded7ef95ecd7d231bc5ea3c540fa611

Non hai máis debate.

A Comisión informativa de asuntos preparatorios para o pleno ditaminou favorable na sesión do 10 de decembro de 2025.

As concelleiras e os concelleiros que están presentes aproban o ditame por oito votos a favor (oito: 3 do PP, 3 do PSdeG-PSOE, 1 do PG e 1 de AxP) e unha abstención de APIN-ESCO.

1.3 Expediente 2025/C003/000016. Aprobación do ditame de aprobación da proposta da Alcaldía para o Pleno para a participación do Concello de Ponteceso na segunda fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan Único de Concellos. 2ª fase do POS+ Adicional 4/2025

O secretario en acumulación dá conta do ditame a favor da Comisión informativa de asuntos preparatorios para o pleno do 10 de decembro de 2025.

“PROPOSTA DE ACORDO

PROPOSTA DA ALCALDÍA PARA O PLENO PARA A PARTICIPACIÓN DO CONCELLO DE PONTECESO NA SEGUNDA FASE DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS). 2ª FASE DO POS+ADICIONAL 4/2025

O Pleno da Deputación Provincial da Coruña, na sesión que tivo lugar o 3 de outubro de 2025, aprobou a modificación das Bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2025 para engadir a base 15 coa finalidade de regular o POS+Adicional 4/2025 destinado aos 93 concellos da provincia. Esta achega provincial distribúese entre os 93 concellos da provincia aplicando os criterios de



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

reparto do POS+ que figuran na base 4.1. O importe da achega provincial asignada a este concello neste POS+Adicional 4/2025 ascende a 232.010,12 €.

O Pleno da Deputación Provincial da Coruña, na sesión extraordinaria que tivo lugar o vinte e un de novembro de dous mil vinte e cinco (21/11/2025), acordou: «Aprobación da primeira fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+Adicional 4/2025 para o financiamento dos gastos correntes dos concellos ou para a minorización da débeda dos concellos coa deputación pola utilización do préstamo provincial do Plan de Aforro e investimento (PAI) 2015 e 2016 e do POS+2017 a 2023». Os concellos poderán aplicar a achega provincial asignada para o financiamento dos tres seguintes obxectos previstos nestas Bases reguladoras do POS+ 2025:

- Gastos correntes do concello de todo o ano 2025, segundo se definen na base 2.1 e concordantes, distintos dos financiados con cargo ao POS+ 2025 base ou POS+Adicional 3/2025 se se solicitaron.

- Redución da débeda dos concellos coa deputación pola solicitude e aplicación do préstamo provincial do Plan de aforro e investimento (PAI) 2015 e 2016 e Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal, Plan único de concellos, (POS+) 2017 a 2023, segundo se define na Base 14 que regula o POS+Adicional 3/2025.

- Investimentos financeiramente sostibles, segundo se definen no apartado específico da base 2.2 e concordantes.

O POS+Adicional 4/2025 aprobarase en dúas fases, e o concello poderá participar nunha soa fase ou nas dúas, ata esgotar o importe asignado neste Plan:

- A segunda fase incluírá as solicitudes de financiamento de investimentos financeiramente sostibles, e previsiblemente a súa aprobación se realizará no primeiro trimestre de 2026. O 2º prazo de presentación de documentación esténdese desde o 3 de novembro ata o 30 de decembro de 2025 ás 15.00 horas.

Consta no expediente o proxecto técnico do investimento denominado: MODERNIZACIÓN DE EDIFICIO PARA CENTRO DE INTERPRETACIÓN DO MEDIO AGROPECUARIO EN LANGUEIRÓN, redactado polos arquitectos: Juan Manuel Doce Porto, colexiado no COAG número 1.386, e Dulce María Beatriz Trigo Cousillas, colexiada no COAG número 2.115, cun prazo de execución de 7 meses.

Figuran no expediente a seguinte documentación:

- Informes técnicos dos investimentos asinados polo arquitecto técnico municipal.
- Informe de Secretaría sobre a dispoñibilidade dos terreos.
- Memoria económica asinada pola Alcaldía.
- Informe de Intervención
- Resolución da Alcaldía de non división en lotes.

Por todo o anterior, **PROPOÑO** ó Pleno, a adopción do seguinte acordo:

1.- Participar na segunda fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ ADICIONAL 4/2025 da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

da achega provincial asignada ao financiamento dos investimentos financeiramente sostibiles que se indican a continuación:

DENOMINACIÓN	Financiamento dos investimentos				
	Deputación	Concello			Orzamento total
		Achega municipal	IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecem. auga potable)	Total concello	
MODERNIZACIÓN DE EDIFICIO PARA CENTRO DE INTERPRETACIÓN DO MEDIO AGROPECUARIO EN LANGUEIRÓN	232.010,12 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	232.010,12 €
TOTAL	232.010,12 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	232.010,12 €

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións que se relacionan nesta táboa.

2.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

3.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos na anualidade do 2025, se a houbera.

4.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada coa participación do concello no Plan.

5.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

6.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

7.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente."

O presidente abre o debate.

As intervencións desta sesión están incorporadas á acta multimedia que consta no expediente electrónico con número 2025/G010/000009 e identificado pola pegada dixital:
ba66ed60bbdda6ca0710f11a4e4598b08ded7ef95ecd7d231bc5ea3c540fa611

Non hai máis debate.

(...)



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

A Comisión informativa de asuntos preparatorios para o pleno ditaminou favorable na sesión do 10 de decembro de 2025.

As concelleiras e os concelleiros que están presentes aproban o ditame por oito votos a favor (oito: 3 do PP, 3 do PSdeG-PSOE, 1 do PG e 1 de AxP) e unha abstención de APIN-ESCO.

1.4 Expediente 2025/A008/000040. Proposta non ditaminada (art. 82.2 do ROF) para participar no POS+ADICIONAL 1/2026 para gastos sociais extraordinarios do exercicio 2026

O secretario en acumulación di que esta proposta non foi ditaminada na Comisión informativa de asuntos preparatorios para o pleno do 10 de decembro de 2025 porque non acadou a maioría absoluta para incluíla por urxencia na Orde do día desa comisión. Explica que hai que incluíla por maioría simple para debatela e votala.

O presidente somete a votación a inclusión da proposta na Orde do día da sesión plenaria.

As concelleiras e os concelleiros que están presentes aproban incluír a proposta na Orde do día para debatela e votala por oito votos a favor (oito: 3 do PP, 3 do PSdeG-PSOE, 1 do PG e 1 de AxP) e unha abstención de APIN-ESCO

“PROPOSTA DE ACORDO

Proposta/acordo para o Pleno de participación no POS+ADICIONAL 1/2026 para gastos sociais extraordinarios exercicio 2026

O Pleno da Deputación Provincial da Coruña, con data 28 de novembro de 2025, aprobou as Bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) «POS+2026», que se destina ós 93 concellos da provincia.

O texto íntegro das Bases foi publicado no Boletín Oficial da Provincia número 231, de 2 de decembro de 2025.

Xunto co POS+2026 regúlase simultaneamente, o POS+ADICIONAL 1/2026 para o financiamento de gastos sociais extraordinarios, que será xestionado pola Sección de Servizos Sociais da Deputación.

A cantidade do POS+ADICIONAL 1/2026 asignada a ese concello para os gastos sociais extraordinarios do exercicio 2026 ascende á contía de 84.122,83 €.

Consta no expediente o Anexo XVI e o Anexo XVII.

Visto que prazo de solicitude do POS+ADICIONAL 1/2026 remata o 15/01/2026 ás 15:00 horas.

Por todo o anterior, PROPOÑO ó Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) «POS+ Adicional 1/2026» da Deputación Provincial da Coruña para o financiamento de gastos sociais extraordinarios, aceptar a totalidade das súas Bases , e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos gastos sociais, segundo se indica a continuación:

Achega provincial preasignada do POS+ADICIONAL 1/2026: 84.122,83 €



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
REL:MU2000/15

GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS 2026	PREVISIÓN DE GASTOS 2026	ESTIMACIÓN DOUTROS INGRESOS PÚBLICOS OU PRIVADOS	ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO	IMPORTE SOLICITADO POS+ADICIONAL	OUTROS RECURSOS PROPIOS DO CONCELLO
	(A)	(B)	(C=A-B)	(D)	(E=C-D)
Gastos correntes	453.660,00 €	333.342,41 €	120.317,59 €	84.122,83 €	36.194,76 €
Investimentos: Tipoloxía i	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €
Investimentos: Tipoloxía j	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €
TOTAL GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS 2026	453.660,00 €	333.342,41 €	120.317,59 €	84.122,83 €	36.194,76 €
IMPORTES SOLICITADOS					
I. Importe solicitado para gastos correntes				84.122,83 €	
II. Importe solicitado para investimentos: Tipoloxía i				0,00 €	
III. Importe solicitado para investimentos : Tipoloxía j				0,00 €	
TOTAL SOLICITADO POS+ADICIONAL 2026 (I + II + III)				84.122,83 €	

Segundo.- Comprometerse a facer constar a colaboración da Deputación da Coruña en toda a información (impresa, informática ou audiovisual) que fagan das actividades ou investimentos subvencionados, así como, no seu caso, na súa páxina web e/ou redes sociais.

Terceiro.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.“

O presidente abre o debate.

As intervencións desta sesión están incorporadas á acta multimedia que consta no expediente electrónico con número 2025/G010/000009 e identificado pola pegada dixital: ba66ed60bbdda6ca0710f11a4e4598b08ded7ef95ecd7d231bc5ea3c540fa611

O presidente somete o asunto a votación.

As concelleiras e os concelleiros que están presentes aproban a proposta por unanimidade de votos a favor (nove: 3 do PP, 3 do PSdeG-PSOE, 1 do PG, 1 de AxP e 1 de APIN-ESCO).

2 Parte de control e fiscalización



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
REL:MU2000/15

2.1 Dación de conta das Resolucións da Alcaldía, dende a núm. 786/2025, do 3 de outubro, ata a núm. 975/2025, do 10 de decembro

As concelleiras e os concelleiros que están presentes quedaron informados das resolucións da Alcaldía, dende a núm. 786/2025, do 3 de outubro, ata a núm. 975/2025, do 10 de decembro.

2.2 Mocións non resolutivas

2.2.1 Moción que presenta o PSdeG-PSOE relativa ao servizo de abastecemento de auga en Cores

O voceiro do PSdeG-PSOE le a moción.

"Moción que presenta o grupo municipal socialista no Concello de Ponteceso para a súa consideración, debate e posterior aprobación polo pleno. "auga en cores".

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os lugares de Riotorto, Bardaio, A Ourada e Limiñoa, entre outros da parroquia de Cores, carecen de abastecemento público, o cal é especialmente grave dados os efectos do cambio climático e veráns como o de 2025 con altas temperaturas e unha vaga de incendios que afectou moito a Ponteceso. Vemos que Augas de Galicia aprobou 1.363.982 euros para levar a auga do Anllóns a Anos e Nantón, no concello veciño, e que parte da obra xa está feita subindo a tubería por Corcoesto, tamén con financiación autonómica. O Pleno da Deputación da Coruña aprobou 715.044,03 euros en dúas achegas para o POS 2026. Os proxectos hai que aprobalos en Pleno antes do 9 de febreiro.

Queda claro que hai fondos públicos e que é un recurso de primeira necesidade, e cómpre que o Alcalde e o equipo de goberno se movan neste momento para levar a auga a estes lugares, permitir o desenvolvemento destes núcleos rurais, a creación de emprego e o aumento da poboación.

Por todo o sinalado anteriormente, o grupo municipal do PSdeG-PSOE no Concello de PONTECESO presenta a seguinte:

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

A Corporación Municipal de Ponteceso insta á Xunta de Galicia a:

1. Financiar a mellora do abastecemento en Ponteceso, con todo o preciso para actualizalo aos requirimentos de 2025, e nomeadamente, garantir a chegada deste servizo esencial ao pé de todas as vivendas, e parcelas de solo de núcleo rural, dos lugares de Riotorto, Bardaio, A Ourada e Limiñoa.

A Corporación Municipal de Ponteceso insta ao Goberno de Ponteceso a:

2. En caso de negativa da Xunta de Galicia, a acometer a necesidade descrita no punto 1 da proposta de resolución, con cargo ao POS 2026 da Deputación da Coruña. Ponteceso, a 9 de decembro de 2025."

O presidente somete a votación incluír a moción na Orde do día da sesión para debatela e votala.

As/os concelleiras/os que están presentes aproban incluír a moción na Orde do día da sesión para debatela e votala por unanimidade de votos a favor (nove: 3 do PP, 3 do PSOE, 1 do PG, 1 de



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

AxP e 1 de APIN-ESCO)

O presidente abre o debate.

As intervencións desta sesión están incorporadas á acta multimedia que consta no expediente electrónico con número 2025/G010/000009 e identificado pola pegada dixital:
ba66ed60bbdda6ca0710f11a4e4598b08ded7ef95ecd7d231bc5ea3c540fa611

O presidente somete a moción a votación.

As/os concelleiras/os que están presentes rexeitan a moción por catro votos a favor (catro: 3 do PSdeG-PSOE e 1 de APIN-ESCO) e cinco votos en contra (cinco: 3 do PP, 1 do PG e 1 de AxP)

2.2.2 Moción que presenta o PSdeG-PSOE relativa á recuperación do servizo de Orientación laboral e unha política de desenvolvemento no concello de Ponteceso

O voceiro do PSdeG-PSOE le a moción.

"Moción que presenta o Grupo Municipal do PSdeG-PSOE relativa á recuperación do servizo de orientación laboral e unha política de desenvolvemento no Concello de Ponteceso

O Grupo Municipal do PSdeG-PSOE no concello de Ponteceso de acordo ao disposto no artigo 71,3 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais desexa elevar ao pleno Municipal a seguinte MOCIÓN

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Concello de Ponteceso manifestou unha total falla de xestión e eficiencia ao despreocuparse polo mantemento do servizo de orientación laboral. A Xunta de Galicia eliminou a Ponteceso da subvención e con isto todos os usuarios quedan sen o servizo. Esta perda agrava aínda máis a galopante decadencia do Concello de Ponteceso dende que o actual equipo de goberno está á fronte da xestión municipal: abandoouse a promoción do polígono, carecemos dunha política de promoción turística sen ir a Fitur, renunciando á subvención técnico de turismo, abandoouse a promoción do parque empresarial de Tella e non se loita pola ampliación. Estanse perdendo todos os días actividades e o Goberno local amosa unha complacencia total mentras se desmantelan os servizos.

Para a fixación de poboación e a promoción do emprego de calidade o servizo de orientación é esencial, máis aínda nun concello onde a FP ten un peso específico elevado e crecente grazas ao gran traballo que se fai no IES Ponteceso.

Tanto as persoas desempregadas como as que queren mellorar o seu emprego necesitan o servizo para ter unha cita e un diagnóstico personalizado e creación do perfil laboral unha atención específica co fin de identificar cunha participación activa da persoa demandante os seus recursos para o emprego, que abarcan habilidades, competencias, formación e experiencia, así como os seus intereses, situacións persoais relacionadas co acceso ao emprego e oportunidades profesionais, xunto con outras variables relevantes para a elaboración do seu perfil, considerando a súa dispoñibilidade, ocupabilidade e evolución durante a busca activa de emprego. Durante os anos que o servizo funcionou en Ponteceso atendéronse centos de persoas que agora quedan desamparadas.

O itinerario individualizado para o emprego adáptase ao perfil da persoa usuario do servizo tendo



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

en conta criterios de conciliación da vida persoal e laboral, así como a situación do mercado de traballo da nosa bisbarra e as súas necesidades.

O mantemento do servizo é esencial para a identificación de opcións profesionais baseadas na análise de oportunidades de emprego accesibles para a persoa demandante, segundo o seu perfil e dispoñibilidade e para elaborar unha proposta de itinerario formativo, se é necesario, para mellorar as competencias da persoa usuaria.

Ademáis o servizo é imprescindible para dotar á persoa usuaria de técnicas na busca activa de emprego implicandoa co acompañamento do/a técnica de orientación laboral. Deste xeito, cun seguimento personalizado no desenvolvemento do itinerario revísase e actualízase o itinerario e con fitos e obrigas, axundándolles a empregar medios telemáticos para facilitar a comunicación continua durante o proceso e a busca activa máis eficiente.

Cando o Concello se preocupaba polo servizo organizáronse xornadas formativas, enviando aos candidatos e candidatas as ofertas e mesmo visitas a feiras de emprego. Tamén se trouxeron a Ponteceso actividades de capacitación e formación como carretilla elevadora e moitas outras. As accións grupais de orientación laboral, baseadas nos perfís das persoas participantes foron un xeito de aumentar a eficiencia do servizo e fomentar o intercambio de experiencias sobre todo para os colectivos de maior dificultade de empregabilidade (como mozos con baixa cualificación, persoas en desemprego de longa duración, con discapacidade, así como outros grupos en situación de exclusión social ou vulnerabilidade) e os sectores con máis vacantes de emprego na bisbarra.

O servizo atendeu centos de demandantes na redacción do currículo, que reflicte o perfil profesional da persoa, mediante a provisión de ferramentas e técnicas de axuda. Tamén na aplicación de técnicas para a busca activa de emprego, con especial atención ao uso de internet.

Ademáis, mantense ao usuario actualizado sobre a situación do mercado laboral e políticas activas que poidan beneficiar as persoas demandantes, programas formativos e de mobilidade para cualificación europea, recursos para emprendeduría ou emprego autónomo e apoio na xestión da mobilidade laboral, en continúa coordinación co persoal de orientación laboral e técnicos de emprego de Galicia.

Unhas accións que se levaban a cabo en dous Concellos en locais habilitados que quedan en desuso obrigando agora aos usuarios a ir a Carballo.

Esta perda é moi prexudicial para o noso desenvolvemento polo que propoñemos ao Pleno desta corporación municipal a adopción dos seguintes ACORDOS:

PRIMEIRO: O Pleno do Concello de Ponteceso insta ao Alcalde de Ponteceso a solicitar unha reunión urxente co Conselleiro de Emprego, Comercio e Emigración da Xunta de Galicia, para o restablecemento do servizo de orientación laboral no noso Concello.

SEGUNDO: O Pleno do Concello de Ponteceso insta ao Alcalde de Ponteceso á elaboración para aprobación no pleno municipal, dun plan de desenvolvemento do Concello de Ponteceso que comprenda fitos e medidas mensuais como a potenciación do servizo de orientación laboral, a promoción do polígono de Tella e a súa ampliación, o desenvolvemento do Porto de Corme, novas concentracións parcelarias e unha verdadeira política de promoción turística, recuperando vía convenio todo o perdido da subvención de técnico de turismo.

Ponteceso , a 24 de marzo de 2025."

O presidente somete a votación incluír a moción na Orde do día da sesión para debatela e votala.

As/os concelleiras/os que están presentes aproban incluír a moción na Orde do día da sesión para debatela e votala por unanimidade de votos a favor (nove: 3 do PP, 3 do PSOE, 1 do PG, 1 de AxP e 1 de APIN-ESCO).



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

O presidente abre o debate.

As intervencións desta sesión están incorporadas á acta multimedia que consta no expediente electrónico con número 2025/G010/000009 e identificado pola pegada dixital:
ba66ed60bbdda6ca0710f11a4e4598b08ded7ef95ecd7d231bc5ea3c540fa611

O presidente somete a moción a votación.

As/os concelleiras/os que están presentes rexeitan a moción por catro votos a favor (catro: 3 do PSdeG-PSOE e 1 de APIN-ESCO) e cinco votos en contra (cinco: 3 do PP, 1 do PG e 1 de AxP).

2.2.3 Moción que presenta o PSdeG-PSOE relativa á elaboración urxente dunha modificación puntual do PXOM

O voceiro do PSdeG-PSOE le a moción.

"Moción que presenta o Grupo Municipal do PSdeG-PSOE relativa á elaboración urxente dunha modificación puntual do PXOM

O Grupo Municipal do PSdeG-PSOE no concello de Ponteceso de acordo ao disposto no artigo 71,3 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais desexa elevar ao pleno Municipal a seguinte MOCIÓN

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Boa parte das alegacións presentadas ao PXOM de 2015, aprobado cos unicos votos do PP de Ponteceso, non foron atendidas. Hai moitas persoas afectadas, especialmente persoas maiores e algunhas moi enfermas, que non poden estar pleiteando contra o Concello.

Hai situacións inxustas e flagrantes que claman ao ceo, máis propias dun urbanismo á carta para castigar aos inimigos do señor Alcalde que a un urbanismo favorable ao cidadán. O Alcalde actual prometeu darlles unha resposta ás persoas afectadas pero mira para outro lado mentras cobra todos os meses sen nin sequera ter adicación plena ao Concello.

Esta situación é moi prexudicial para o noso desenvolvemento, ademáis de para a saúde e benestar das persoas afectadas, polo que propoñemos ao Pleno desta corporación municipal a adopción dos seguintes ACORDOS:

PRIMEIRO: O Pleno do Concello de Ponteceso insta ao Alcalde de Ponteceso a habilitar as partidas para contratar urxentemente unha modificación puntual do Plan Xeral.

SEGUNDO: O Pleno do Concello de Ponteceso insta ao Alcalde de Ponteceso a convocar aos grupos do Pleno do Concello de Ponteceso, e a facer reunións públicas nas distintas parroquias do Concello para que as persoas poidan participar con propostas a esa modificación parcial do Plan Xeral, con especial atención ás persoas maiores, enfermas e familias con discapacidades e membros en perigo de exclusión social.

Ponteceso , a 9 de decembro de 2025."

O presidente somete a votación incluír a moción na Orde do día da sesión para debatela e votala.



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

As/os concelleiras/os que están presentes aproban incluír a moción na Orde do día da sesión para debatela e votala por unanimidade de votos a favor (nove: 3 do PP, 3 do PSOE, 1 do PG, 1 de AxP e 1 de APIN-ESCO).

O presidente abre o debate.

As intervencións desta sesión están incorporadas á acta multimedia que consta no expediente electrónico con número 2025/G010/000009 e identificado pola pegada dixital: ba66ed60bbdda6ca0710f11a4e4598b08ded7ef95ecd7d231bc5ea3c540fa611

O voceiro do PP di que o seu grupo vai votar a favor se o PSdeG-PSOE acepta incluír no acordo un terceiro punto co seguinte literal:

"TERCEIRO. Os efectos desta moción quedan condicionados a valoración económica dun equipo redactor."

O presidente somete a moción a votación.

As/os concelleiras/os que están presentes aproban a moción coa emenda por oito votos a favor (oito: 3 do PSdeG-PSOE, 3 do PSdeG-PSOE, 1 de AxP e 1 de APIN-ESCO) e unha abstención do grupo PG. O acordo queda redactado do seguinte xeito:

PRIMEIRO: O Pleno do Concello de Ponteceso insta ao Alcalde de Ponteceso a habilitar as partidas para contratar urxentemente unha modificación puntual do Plan Xeral.

SEGUNDO: O Pleno do Concello de Ponteceso insta ao Alcalde de Ponteceso a convocar aos grupos do Pleno do Concello de Ponteceso, e a facer reunións públicas nas distintas parroquias do Concello para que as persoas poidan participar con propostas a esa modificación parcial do Plan Xeral, con especial atención ás persoas maiores, enfermas e familias con discapacidades e membros en perigo de exclusión social.

TERCEIRO. Os efectos desta moción quedan condicionados a valoración económica dun equipo redactor."

2.3 Pregos e preguntas

2.3.1 Preguntas e pregos do grupo APIN-ESCO

2.3.1.1 Pregunta que pasa co campo de fútbol O Pinguel

2.3.1.2 Di que hai dous meses que o malecón se enchiu de lixo por efecto da marea e non vai ninguén limpar e que, ademais, hai unha zona moi batida que está en malas condicións

2.3.1.3 Pregunta sobre o MACCMO, sobre a urxencia que hai en que a Fundación teña que recoller as cousas

2.3.2 Preguntas e pregos do grupo PSdeG-PSOE

2.3.2.1 Pregunta cando se van amañar os problemas da iluminación pública, da rede viaria e da limpeza dos ríos. apagada en varios puntos do concello

2.3.2.2 Pregunta pola planificación dos cortalumes e a ampliación das tomas de auga e dos depósitos

2.3.2.3 Pregunta por que se abriu un conflito coa Fundación do MACCMO

2.3.2.4 Prega que se solicite a Augas a reparación do paseo de madeira do centro de Ponteceso



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

porque está en dominio público da Xunta

2.3.2.5 Prega que o grupo de goberno presente o orzamento para conseguir o saneamento e abastecemento na Graña e a senda de Lestimoño.

As intervencións desta sesión están incorporadas á acta multimedia que consta no expediente electrónico con número 2025/G010/000009 e identificado pola pegada dixital:
ba66ed60bbdda6ca0710f11a4e4598b08ded7ef95ecd7d231bc5ea3c540fa611

Non hai máis asuntos.

O presidente remata a sesión ás 10:30 h e eu redacto esta acta como secretario en acumulación. Dou fe.

*Documento asinado dixitalmente o día e polas persoas que constan na marxe.